



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 11 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)

Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **20:30 horas** do día 11 de outubro de 2018, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA**, baixo a Presidencia de D^a. M^a Teresa Villaverde Pais, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

1. Aprobación, se procede, do expediente de contratación do Servizo SAF-Modalidade Dependencia

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11 de outubro de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
961 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SAF-MODALIDADE DEPENDENCIA

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....


Expediente de contratación: 10/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.

O Pleno do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 06.09.2018 incoando o expediente de contratación.
2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 06.09.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)
3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 06.09.2018.
4. Prego de Prescricións Técnicas, do 06.09.2018
5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.
6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.
7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.
8. Informe da Traballadora Social, do 03.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.
9. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de existencia de crédito polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (dúas mensualidades completas, do 01.11.2018 ao 2

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

31.12.2018)

10. Informe da secretaría-intervención núm. 93/2018 do 05.10.2018, emitido no cumprimento da DA 2ª e 3ª da LCSP.

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 06.09.2018.

Importe do contrato a celebrar para a totalidade da súa duración (24 meses, 42.792 horas):

- Prezo sen IVE: 619.628,16 €
- IVE (4%): 24.785,13 €
- Prezo con IVE: **644.413,29 €**

Prezo Hora	
Prezo sen IVE	14,48
IVE (4%)	0,58
Prezo con IVE	15,06

		Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Horas 12 meses	21.396	309.814,08	322.206,64
Horas 24 meses	42.792	619.628,16	644.413,29
Modificación 10%	4.279	61.959,92	64.438,32

Valor estimado co contrato para a totalidade da súa duración (24 meses):

- Prezo sen IVE: 619.628,16 €
- Modificación prevista do 10% (4.279 horas): 61.959,92 €
- Valor estimado do contrato: 681.588,08 €

Distribución estimada do crédito por anualidades orzamentarias:

Coste anual con IVE	322.206,64
Coste mensual con IVE	26.850,55

Anualidade	Meses	Crédito
------------	-------	---------

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2018	1,5	40.275,83
2019	12	322.206,64
2020	10,5	281.930,81
Totais	24	644.413,29

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación.**

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
Prezo	Valoración automática	Até 60 puntos
Proxecto técnico de organización do servizo	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 40 puntos
Puntuación máxima		100 puntos
Puntuación dos criterios de valoración automática		60 puntos
Puntuación dos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor		40 puntos

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA:**


Primeiro: Aprobar a insuficiencia de medios materiais e persoais do Concello de Lousame para executar o servizo SAF-Dependencia, e polo tanto, a necesidade administrativa de celebrar este expediente de contratación.

Segundo: Aprobar a non división en lotes do contrato, á vista dos informes técnicos obrantes no expediente de contratación.

Terceiro: Publicar no Perfil do Contratante o acordo de incoación do expediente, así como a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP.

Cuarto: Aprobar o expediente de contratación núm. 10.2018 do contrato de servizos, denominado "SAF – Modalidade Dependencia", por procedemento **aberto, tramitación ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
961 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

644.413,29 €, IVE (4%) incluído.

Quinto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas.

Sexto: Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2018, con cargo á aplicación orzamentaria **231.22799**, proxecto **06.2018**, do estado de gastos do orzamento vixente; remitindo certificado deste acordo á área de contabilidade, para a contabilización da fase de autorización do gasto.

Sétimo: Dispoñer a apertura do procedemento aberto adxudicación, tramitación ordinaria e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Oitavo: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante>>

.....

A Alcaldesa explica que o ano pasado licitouse por vez primeira este contrato. Agora xa venceu e o Concello está obrigado a licitar de novo este servizo. Agora recóllese o incremento de horas que a Xunta de Galicia lle autorizou a este Concello, en función das solicitudes existentes no servizo SAF-Dependencia.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto sinala que lles chaman algunhas cousas a atención. Por unha banda non lles gusta o sistema de puntuación que se emprega no concurso, xa que vai levar máis puntos a empresa que faga a maior baixa económica e considera que isto irá en detrimento da prestación do servizo. Por outra banda existe un incremento de horas... E comparando os datos económicos do ano pasado pásase de 200.000 € a 300.000 €, o que implica un incremento duns 100.000 €. Segundo o informe de Servizos Sociais estamos falando de 47 usuarios.

A Alcaldesa precisa que o expediente de contratación está feito cos datos máximos aos que se podería chegar, facendo unha proxección das horas concedidas a día de hoxe e ao máximo ao que se podería chegar no caso de que se resolvesen positivamente todas as solicitudes.

O Sr. Paradela Busto di que tamén se incrementa o prezo do contrato en relación co ano pasado. Agora son 15,06 €. O ano pasado saía un prezo a *grosso modo* de 11 €. Tamén lle preocupa como pode afectar isto ao persoal do Concello. Non sabe se as traballadoras que agora prestan o servizo pertencen ao Concello ou non, xa que só aparecen as iniciais na documentación.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concello delousame.com
concello delousame@concello delousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto insiste en que o que máis lle preocupa é que se prime máis a baixa económica que a prestación do servizo, que cren que pode ir en detrimento dos usuarios. Por outra banda tampouco lle coinciden os datos das horas, tendo en conta as que se estaban facendo e o incremento que da a Xunta.... Segundo os seus cálculos dan 1.000 horas de menos.

A Alcaldesa coméntalle ao Sr. Paradela Busto que os datos de horas os pode comprobar cando queira co Departamento de Servizos Sociais. Os datos están feitos polo Departamento de Servizos Sociais, salvo que exista algún erro técnico do persoal dese servizo.. cousa que dubida.

O Sr. Paradela di que non lle gusta que se privatice o servizo, que se lle vai dar a unha empresa, sen saber se vai contratar ou non persoal do Concello. Tampouco sabe se é legal ou non poñer esa esixencia no expediente. Pero sobre todo pola asignación da puntuación, anuncia que o GPM do PSdG-PSOE vaise abster na votación deste asunto.


A Alcaldesa quere deixar claras varias cousas. En primeiro lugar non se privatiza ningún servizo, porque o Servizo SAF-Dependencia sempre se prestou externamente, nunca con traballadores municipais. O único cambio foi que o ano pasado licitouse por vez primeira este servizo. E agora, vencido o primeiro ano de contrato, procede sacalo de novo a licitación. Pero non se trata de ningunha privatización. En segundo lugar, dicir que cando se poñen os prezos dos contratos hai que ter en conta os parámetros que marca a lexislación para a determinación dese prezo do contrato, respectando os convenios colectivos de aplicación. En terceiro lugar, dicir que non é constitucional esixirle ás empresas que contraten a xente de Lousame. A ela tamén lle gustaría que fose posible, pero non o é.

En canto aos criterios de valoración, ela tamén comparte a idea de que non primen aqueles que son obxectivamente valorables. Pero a Lei de Contratos prima eses criterios sobre aqueles que se valoran dun xeito subxectivo. Que o Sr. Paradela non lle pida a súa opinión persoal, porque esta hai que deixala aparte. Ela sinala o que di a normativa.

En canto ás traballadoras só se poñen as iniciais polo tema da protección de datos. As traballadoras que leven máis dun certo tempo teñen que ser subrogadas pola nova empresa que sexa a adxudicataria do servizo, por esixilo así a normativa laboral aplicable. Aínda así, cre que a meirande parte das traballadoras son de Lousame. Agora ben, o Concello non pode esixir a ningunha empresa que só contrate a xente de Lousame, xa que eses pregos serían inmediatamente recorridos polos participantes. Porque todos os seres humanos somos iguais sen ter en conta a nosa procedencia, a nosa raza, a nosa relixión, etcétera.

En relación á empresa que resultou adxudicataria na anterior licitación, as traballadoras dos Servizos Sociais comentan que a coordinación é excelente, que veñen cada semana, que en cada novo domicilio vai o coordinador para supervisar o traballo... E tamén foi a empresa que fixo a mellor oferta económica. Sen embargo, a prestación do servizo é boa.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto pregunta de novo pola xente que tiña contratada o Concello.

A Alcaldesa di que o Concello de Lousame ten dende hai moito tempo xente contratada pero para o servizo de SAF – Libre Concorrenzia.

Pero o servizo SAF – Modalidade Dependencia xamais se prestou por persoal municipal. Sempre se prestou externamente. A diferenza é que o ano pasado o servizo licitouse por vez primeira.

O Sr. Paradela Busto pregunta se hai partida orzamentaria para este contrato.

A Alcaldesa resposta que si, que llo acaba de ler coa proposta.

O Sr. Paradela Busto insiste en que estamos a falar de 100.000 € de diferenza entre o que se pagaba e o que se vai pagar agora.

A Alcaldesa di que ese incremento afectará ao orzamento de 2019 e 2020.

O Sr. Paradela Busto que aínda non hai orzamento do 2018....

A Alcaldesa responde que non. O certificado da existencia de crédito está na documentación que se lle enviou aos concelleiros. Pregúntalle se non ten esa documentación.

O Sr. Paradela Busto di que si.

A Alcaldesa responde que ese certificado de existencia de crédito refírese ao orzamento do ano 2018.

O Sr. Paradela Busto pregunta se temos orzamento do 2018.

A Alcaldesa contesta que o Sr. Paradela Busto sempre fai esas afirmacións. E ela quere responderlle que no Concello de Lousame hai orzamento, que é un orzamento prorrogado. Pídelle que fale con compañeiros do seu partido que levan anos con orzamentos prorrogados. Este ano temos un orzamento prorrogado por cuestións que o Sr. Paradela Busto coñece perfectamente e que non quere volver a repetir. E anúncialle que xa está empezando a elaborar o orzamento do 2019, para pode aprobar este ano; como sempre se fixo cando había secretaria-interventora titular. E pídelle ao Sr. Paradela Busto que así o comprobe nas Actas dos Plenos.

Nunca se pode afirmar que un Concello non ten orzamento. Si que o temos, prorrogado, no que hai que facer modificacións, que dan moito traballo.... Pero si existe un orzamento

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En canto ao asunto da Orde do Día entende que é un asunto fundamental que se aprobe o expediente para poder licitalo, e que afecta a toda a xente dependente do Concello.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Expediente de contratación: 10/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.

O **Pleno** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 06.09.2018 incoando o expediente de contratación.
2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 06.09.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)
3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 06.09.2018.
4. Prego de Prescricións Técnicas, do 06.09.2018
5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.
6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.
7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a Insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.
8. Informe da Traballadora Social, do 03.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.
9. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de **existencia de crédito** polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (dúas mensualidades completas, do 01.11.2018 ao 31.12.2018)
10. Informe da secretaria-Intervención núm. 93/2018 do 05.10.2018, emitido no cumprimento

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

da DA 2ª e 3ª da LCSP.

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 06.09.2018.

Importe do contrato a celebrar para a totalidade da súa duración (24 meses, 42.792 horas):

- Prezo sen IVE: 619.628,16 €
- IVE (4%): 24.785,13 €
- Prezo con IVE: **644.413,29 €**

Prezo Hora	
Prezo sen IVE	14,48
IVE (4%)	0,58
Prezo con IVE	15,06

		Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Horas 12 meses	21.396	309.814,08	322.206,64
Horas 24 meses	42.792	619.628,16	644.413,29
Modificación 10%	4.279	61.959,92	64.438,32

Valor estimado co contrato para a totalidade da súa duración (24 meses):

- Prezo sen IVE: 619.628,16 €
- Modificación prevista do 10% (4.279 horas): 61.959,92 €
- Valor estimado do contrato: 681.588,08 €

Distribución estimada do crédito por anualidades orzamentarias:

Coste anual con IVE	322.206,64
Coste mensual con IVE	26.850,55

Anualidade	Meses	Crédito
2018	1,5	40.275,83
2019	12	322.206,64
2020	10,5	281.930,81

Acta do Pleno do Concello de Lousame da
Sesión extraordinaria do día 11/10/2018





Concello de Lousame

Preze Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Totais	24	644.413,29
--------	----	------------

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación.**

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avallárase con arranxo aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
Prezo	Valoración automática	Até 60 puntos
Proxecto técnico de organización do servizo	Valoración que depende dun xuízo de valor	Até 40 puntos
Puntuación máxima		100 puntos
Puntuación dos criterios de valoración automática		60 puntos
Puntuación dos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor		40 puntos

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a insuficiencia de medios materiais e persoais do Concello de Lousame para executar o servizo SAF-Dependencia, e polo tanto, a necesidade administrativa de celebrar este expediente de contratación.


Segundo: Aprobar a non división en lotes do contrato, á vista dos Informes técnicos obrantes no expediente de contratación.

Terceiro: Publicar no Perfil do Contratante o acordo de incoación do expediente, así como a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP.

Cuarto: Aprobar o expediente de contratación **núm. 10.2018** do contrato de servizos, denominado "**SAF – Modalidade Dependencia**", por procedemento **aberto**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de **644.413,29 €**, IVE (4%) incluído.

Quinto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos e 10

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

o Prego de Prescricións Técnicas.

Sexto: Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2018, con cargo á aplicación orzamentaria **231.22799**, proxecto **06.2018**, do estado de gastos do orzamento vixente; remitindo certificado deste acordo á área de contabilidade, para a contabilización da fase de autorización do gasto.

Sétimo: Dispoñer a apertura do procedemento aberto adxudicación, tramitación ordinaria e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Oitavo: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante>>

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta e oito minutos (20:48 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Miayverde Pais



A SECRETARÍA INTERVENTORA

Paula Arévalo Otero



Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 11.10.2018



